



**JUAN ANDRÉS HERVELLA VÁZQUEZ**

Técnico de Turismo do Concello de Ourense.

Premio de xornalismo “Xosé Aurelio Carracedo” edición 2001. Modalidade prensa escrita.

Premio de Xornalismo “Xosé Aurelio Carracedo” edición 2009. Modalidade audiovisual.

2º Premio fotografía “Romaría Etnográfica Raigame” edición 2002.

# ELEMENTOS DE ORNATO NA CASA TRADICIONAL GALEGA,

*en Vilanova dos Infantes*



Texto e debuxos de

**Juan Andrés Hervella Vázquez**

**T**entar definir ou describir todos aqueles elementos singulares ou de ornato existentes noutro tempo na morada dos nosos campesiños non resulta doado si se ten en conta a utilidade evidentemente práctica e austera da súa vivenda, iso si esta perfectamente adaptada ás necesidades reais ao que se suma o carácter práctico da mesma no seu emprego como lugar de utilización e desenvolvemento da súa actividade cotiá; isto é o desenrolo dos labores propios tanto de orde agrícola como gandeiro.


Por outra banda o obrigado emprego de materiais locais aportados pola propia natureza unido, en moitos casos, o escaso ou nulo coñecemento das técnicas construtivas, condicionou a confección ou construción das mesmas ca conseguinte repetición reiterativa de modelos con poucas

Balcóns de ferro



Madeira

J.A.H.  
17/10/95



Ferro

VARANDAS




Ferro



Ferro




Ferro



Madeira



Ferro



Ferro

BALCÓNS



Ferro



Ferro



Madeira

Varandas de madeira

**Nestas construcións, aínda amosando unha grande carencia de recursos materiais e de técnicas axeitadas construtivas, acúsase un notable coidado na execución de todos aqueles elementos considerados como de ornato ou de ornamento que existen na mesma.**

variacións, adaptadas perfectamente ás necesidades reais dos seus moradores. Sen embargo, nestas construcións, aínda amosando unha grande carencia de recursos materiais e de técnicas axeitadas construtivas, se acusa un notable coidado na execución de todos aqueles elementos considerados como de ornato ou de ornamento que existen na mesma.

Vilanova dos Infantes é un pequeno burgo medieval situado ao sueste da provincia de Ourense. A un qui-

lómetro de Celanova e a vintecatro da capital das Burgas atópase comunicada con ambas poboacións a traveso da estrada autonómica número 540.

Seu nome procede do latín "Vila Nouam" denominación que xa aparece recollida en vellos documentos medievais. As casas agrúpanse en torno á alta torre da homenaxe, símbolo identificador da vila, resto do castelo pertencente á poderosa familia dos condes de Monterrei, propiedade que pasou máis tarde a mans da liñaxe dos Biedma.

Entre moitas das construcións populares consérvanse antigas casas señoriais, algunha delas lembran a súa antiga fidalguía mediante os brasóns expostos na fachada, situadas a carón de estreitas rúas, ou en típicas prazas ou en recunchos de forte rai-game rural.

A construción das mesmas a efectuou o propio usuario que soubo realmente aplicar o mellor da súa maxina para adaptalas ás súa necesidades reais. Foi el quen escolleu os necesarios, mellores e máis axeitados materiais existentes na bisbarra, para o seu emprego e utilización. A tipoloxía construtiva sigue o perfil das restantes vivendas asentadas no seu redor seguindo a experiencia ou a pauta secular dun saber transmitido de xeración en xeración.

Os muros como parte integrante fundamental do edificio requiren a presenza dun artífice experimentado, mestre ou canteiro que aplique todo o seu saber ademais de requirir un grande coidado na súa elaboración. Os materiais utilizados poden ser: cachotes (anacos irregulares de pedra granítica) pedras de cantería ou pallabarro,

aínda que esta última modalidade, xeralmente, se utiliza na separación dos tabiques existentes no interior da propia vivenda. O acabado exterior dos muros maila súa ornamentación da certo toque persoal á edificación, sendo a técnica máis usual utilizada a dos muros vistos, tanto nos de cachotería como nos de cantería, sen esquecer aqueles outros, os menos dende logo, que aparecen encintados, recebados con barro ou caleados.

A casa-vivenda típica de Vilanova componse de dous andares; o baixo o ocupa a corte, e o primeiro se dedica propiamente á vivenda familiar. O acceso efectúase polo exterior mediante unha escaleira en pedra, sen varanda que, partindo a ras do chan, mediante o emprego de chanzos, cadrados ou rectangulares, salva o desnivel existente entre ambas alturas, ata acadar o patamal situado diante da porta de acceso.

O corredor, parte moi importante da vivenda, é outro dos elementos exteriores que mellor caracteriza a este tipo de construcións populares rurais existentes na vila destacando, sobre maneira, polo logrado traballo acadado polos carpinteiros ou ferreiros no deseño e realización do mesmo destacando, pola artística decoración existente nos balaústres, nos que aparece variados motivos ornamentais con diferentes formas representadas, nas diversas tallas, con figuras alusivas ao símbolo da música, esta última de forte tradición familiar na vila.

Nas pechaduras, pezas de ferro ou de madeira, elaboradas polos nosos artífices populares, por desgraza en período de extinción, amplamente utilizadas tanto en pechamentos de portas como de fiestras ou en sinxelos cancelos, é onde mellor se amosa





Ferreiro traballando unha pechadura na Romaría Raigame

o arte mailo enxeño creativo dos autores; así aldrabas ou bisagras, cravos, pechos, picaportes, espellos, fiadores, trancas de peche, petadores e cataventos son o mellor expoñente da orixinalidade e enxeño dos seus creadores.

**A cheminea é un dos elementos singulares máis característicos da arquitectura construtiva popular e, á súa vez, o elemento distintivo de indicio do mellor ou peor acomodo dos propietarios da casa; así naceu a expresión: "cheminea e ciprés pazo" o define.**



A cheminea é un dos elementos singulares máis característicos da arquitectura construtiva popular e, á súa vez, o elemento distintivo de indicio do mellor ou peor acomodo dos propietarios da casa; así naceu a expresión: “*cheminea e ciprés pazo*” o define.

Existen diferentes tipos de chemineas, dende as existentes nos grande pazos ou casas grandes ata as máis sinxelas. Nesta última a saída do fume provinte da lareira se resolve de xeito simple mediante a apertura de pequenas fendas existentes na cuberta polas que se evacúa o fume ou a través das portas e fiestras. As existentes nos pazos, en moitos casos, acadan unha grande monumentalidade sobre todo na súa parte externa podendo, en función da fartura económica do seu propietario, contar con varias. As restantes, máis simples, a penas sobresaen do tellado podendo adquirir diversas formas xeométricas ademais de atoparse recibadas. Mesturadas nesta última categoría se inclúen todas máis pobres confeccionadas en madeira, ladrillo ou, sinxelamente, con folla de lata.

Non todas as chemineas dispoñen de cubrición; isto é, a capa ou tapa, peza que serve para evitar a entrada da chuvia exterior sen impedir por outra banda a libre saída do fume.

Por último nas chemineas máis artísticas, xeralmente pertencentes aos pazos, se remata con algún elemento decorativo como cruces ou cataventos de ferro forxado representando diversas formas e modelos sendo frecuente a presenza do galo, con clara alusión ás negacións de san Pedro, ou ao clásico catavento, aparello sinxelo que marca de xeito permanente a dirección do vento dominante.



**Nas pechaduras, pezas de ferro ou de madeira, elaboradas polos nosos artifices populares, por desgraza en período de extinción, amplamente utilizadas tanto en pechamentos de portas como de fiestras ou en sinxelos cancelos, é onde mellor se amosa o arte mailo enxeño creativo dos autores; así aldrabas ou bisagras, cravos, pechos, picaportes, espellos, fiadores, trancas de peche, petadores e cataventos son o mellor expoñente da orixinalidade e enxeño dos seus creadores.**